



Resolución de 3 de decembro de 2015 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 9 de marzo de 2015, no contexto do PLAN LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do II CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2014/2015.

Con data 9 de marzo de 2015, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por segundo ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2014/2015.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinar ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros non universitarios durante o presente curso 2014/2015.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no II Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 21 de outubro de 2015. O xurado declara deserto un dos premios previstos na modalidade 2.b-temática científica e, tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acorda a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 2.c de temática xenérica.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral falicitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 9 de marzo, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato)



dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2015



José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

Modalidade	Temática	Centros Premiados	Concello	Provincia	Título	Asign.
1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar	Xenérica	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra	<i>Construímos</i>	2.000€
		CEIP da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra	<i>Un mundo de cor</i>	2.000€
		EEl Barrionovo	Arteixo	A Coruña	<i>Pastoriza 101 nomes</i>	2.000€
	Ciencias	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra	<i>A auga na contorna de Tui</i>	2.000€
		CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	<i>Rus entre planetas</i>	2.000€
		IES Pedra da Auga	Ponteareas	Pontevedra	<i>Feira da Luz – IYL2015</i>	2.000€
2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel	Xenérica	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	Celanova	Ourense	<i>Medievalízate</i>	1.000€
		IES Manuel García Barros	A Estrada	Pontevedra	<i>Axencia literaria</i>	1.000€
	Ciencias	CEIP Feliciano Barrera	Ponteareas	Pontevedra	<i>A Lúa</i>	1.000€
		CEIP P. Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña	<i>As avespas</i>	1.000€
2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento	Xenérica	CEIP de Porto Cabeiro	Redondela	Pontevedra	<i>Pegadas artísticas de Redondela</i>	1.500€
		CIFP Portovello	Ourense	Ourense	<i>Eu xogo coma antes</i>	1.500€
	Ciencias	CIFP Manuel Antonio	Vigo	Pontevedra	<i>A química na cociña</i>	1.500€
		<i>Deserto (Trasládase o premio á modalidade 2.c xenérica)</i>				
2.c. Proxectos realizados na materia de 1º de ESO "Proxecto Interdisciplinar"	Xenérica	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	<i>Docunautas</i>	1.000€
		IES Monte Carrasco	Cangas	Pontevedra	<i>Como chegou Cangas a ser unha villa olímpica?</i>	1.000
	Ciencias	IES Marco de Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra	<i>As mulleres de mate</i>	1.000€